


Tema 4. Compartindo e publicando unha páxina web.

Como imaxinades o momento final cando creamos unha páxina web é a súa publicación para que o resto de “internautas” (ou os que nós decidamos) gocen con ela.

Hai dous conceptos que predominan sobre o resto e é dos que imos falar a continuación:

Dominio de Internet e Aloxamento web.



DOMINIO DE INTERNET

Cada dispositivo que se conecta a Internet ou cada “sitio web” (ou a unha rede interna ou intranet) ten unha combinación de números (da que non imos falar polo miúdo xa que non é a intención desta formación) propia que a distingue das demais (aínda que en algúns casos pode repetirse para varios dispositivos) chamada “dirección IP”: Como por exemplo: 239.255.255.254.

Estas combinacións non son doadas de memorizar polo que nos inicio de Internet creáronse o que hoxe coñecemos como dominios. Unha serie de combinacións de letras con sentido que facilitarían esa memorización. Deste xeito por exemplo unha páxina dunha empresa podería levar o propio nome da empresa.

Isto ademais permitiu solucionar un problema: non pode existir duplicidade ao aumentar considerablemente o numero de variables para combinar.



Sen entrar en moitos detalles bastante complexos e non moi apropiados nin necesarios para esta formación diremos que cada dominio esta formado por dúas partes.

Unha parte que podes escoller na súa totalidade (a non ser que xa se atope rexistrado). Esta sería a primeira parte do dominio, a que amosamos en letra grosa:

exemplo.gal

Para esta parte podemos escoller o que queiramos e que mellor se adapte as nosas necesidade tendo en conta aspectos como a facilidade de memorización ou a facilidade de escrita.

Como xa sabes un dominio ten outra parte, o que denominamos “extensión de dominio” ao igual que as extensións dos arquivos informáticos.

De feito esta extensión, en teoría, ten a mesma utilidade que as extensións dos arquivos: saber con solo mirala que tipo de arquivo é, neste caso: saber sobre que trata o sitio web que imos visitar.

Realmente isto está un pouco desvirtuado xa que ninguén me impide contratar un dominio “.gal” e que o seu contido non teña nada que ver coa cultura ou lingua galega (que é o uso inicialmente proposto).

Cando adquirimos e rexistramos un dominio non podemos escoller entre todas as extensións que existen xa que algúns deles están restrinxidos a usos gobernamentais ou organizativos pero a listaxe é moi ampla.

Tampouco todos os dominios teñen o mesmo custo, por exemplo un mesmo dominio coa extensión “.com” pode custar 8 euros anuais e coa extensión “.gal” sobre 50.



Como adquirimos un dominio?

Adquirir un dominio é extremadamente sinxelo: basta con acceder a unha páxina que se dedique a comercializar dominios e aloxamentos web, comprobar se esta dispoñible e adquirilo.

Hai innumerables empresas que se dedican a este comercio e en como en todo háinas que están moi lonxe ou tamén moi preto, como é o caso das galegas:

<https://dinahosting.com/>

www.hostigal.com/

www.galiciahosting.com

<https://raiolanetworks.es/>

www.hostisoft.com/

Cal é a diferenza entre escoller unha máis local a unha máis “internacionalizada” (que posiblemente non saibas nin en que país está)?

A diferenza é fundamental. Se algunha vez temos unha incidencia co noso dominio ou noso aloxamento web é moito máis doado de contactar cas locais. Aínda que sexa simplemente por unha cuestión idiomática e de uso horario.

Unha vez chegados aquí temos que falar dun concepto que será fundamental para nós: **a re-dirección web**

Como imos falar un pouco máis adiante neste mesmo tema toda páxina ou sitio web ten que estar aloxado nalgún sitio. É dicir, as imaxes, os vídeos, o código HTML, etc que fan funcionar o noso sitio web ten que estar gardado E ACCESIBLE nun disco duro conectado a Internet de xeito continuo.

E diso trataremos no “aloxamento web”.

No noso caso, que traballamos con Wordpress, o seu sistema facilítanos unha URL ou dirección web parcialmente personalizada como é o caso de <https://formacionhtml5.wordpress.com/>

No caso de que alguén quixera vistar a nosa páxina este sería o enderezo web que tería que introducir:

No caso de que mercáramos o dominio “formacionhtml5.gal” por exemplo teríamos tres opcións:

- Contratar a opción que nos oferta Wordpress de aloxar a nosa páxina nos seus servidores e vendernos o dominio.
- Contratar o dominio ou aloxamento web a un terceiro (que será do que falaremos no seguinte punto).
- O mercar un dominio e usar unha **re-dirección web**.

Imos falar brevemente deste último. É sen dubida o máis económico e o que mellor pode adaptarse as nosas necesidades.




Unha vez contratado o dominio nunha das páxinas xa mencionadas antes tan só teríamos que acceder a páxina de xestión do mesmo e dun xeito moi doado indicarlle que cada vez que alguén introduza nun navegador a URL “www.formacionhtml5.gal” directamente sexa redirixido a “<https://formacionhtml5.wordpress.com/>”

Isto ten un pequeno inconveniente que é que unha vez que se executa a re-dirección a url cambiaría a propia de Wordpress pero como vantaxe temos que é moi económico (dependendo do dominio contratado).


Cada empresa de dominios e aloxamento ten o seu propio modo de facer estas re-direccións, pero soe ser tan doado como tan so introducir a url no sitio indicado.

En Dinahosting por exemplo é tan doado como isto:



ALOXAMENTO WEB (Hosting)

Xa dicíamos antes que “toda páxina ou sitio web ten que estar aloxado nalgún sitio. É dicir, as imaxes, os vídeos, o código HTML, etc que fan funcionar o noso sitio web ten que estar gardado E ACCESIBLE nun disco duro conectado a Internet de xeito continuo.”



Agora mesmo, co noso dominio xenérico de Wordpress o noso sitio web está aloxado nos servidores de Wordpress e funciona grazas aos seus computadores que pon a nosa disposición gratuitamente pero pode darse o caso de que queiramos ter total control sobre o espazo web que temos, que o noso dominio apareza durante toda a páxina web, etc.


Nesta formación non imos abordar como facelo xa que como outras cousas que xa comentamos sería obxecto dunha ou varias formacións independentes pero imos dar as nocións básicas de que precisaríamos ter (ademais dos coñecementos) para poder facelo.

Imos falar brevemente del coa intención de que coñezades a necesidade da súa existencia. E importante tratalo por si nun futuro decidides contratar un para subir o voso sitio ou contratades un “paquete de servizos” que o inclúa.

Como xa dixemos un aloxamento web ou “hosting” é un espazo FISICO que alugamos a unha compañía como as anteriores mencionadas no apartado dos dominios que teñen nas súas instalacións unha gran cantidade de ordenadores e discos duros conectados entre si e a súa vez a Internet.

Cando alugamos ese espazo eles poñen a nosa disposición diversas opcións, desde moi básicas, aptas para practicamente a totalidade dos traballos que poidades realizar ata moito máis complexas orientadas a grandes webs corporativas, gobernamentais, etc.

En certo modo isto do que falamos e o que nos últimos anos estase chamando “a nube” (Cloud). Se ben “a nube” que máis podemos coñecer é unha orientada ao simple almacenamento de datos sen capacidades para aloxar unha web. Falamos de servizos como os que ofertan Dropbox, Google Drive, iCloud, etc.



Cando alugamos un “hosting” adoita estar vinculado a un dominio tamén mercado por nós en concreto xa que é ese espazo o que vai aloxar a web e todos os seus arquivos (excepto os que foron subidos a outras plataformas como Youtube, por exemplo).